

✚ **Solución das actividades 1 e 2 da páxina 97.**

1. Que e a poboación activa?

A poboación activa é a que está formada por todas as persoas que traballan e reciben un soldo a cambio. A estas tamén temos que sumarlle as persoas que non teñen un emprego pero que o buscan, de aí que neste grupo se inclúan os parados.

E a poboación inactiva?

A poboación inactiva é a que está formada polas persoas que non poden traballar ou que non cobran un soldo polas súas actividades. Dentro deste grupo incluímos aos nenos e nenas, xubilados e xubiladas, estudantes e amas e amos de casa.

2. Contesta:

2.1. Di tres exemplos de materias primas que obtemos da natureza e outros tres exemplos de produtos que se obteñen do sector secundario.

Materias primas

Madeira

La

Petróleo

Produtos do sector secundario

Mobles, papel

Xerseis, bufandas

Gasolina, plástico

2.2. Que traballos que non obteñen produtos, en que sector se clasifica.

Os traballos que non obteñen produtos pertencen ao sector terciario.



**Estades a traballar moi ben!
Pronto nos vemos nas aulas campións!**

